



O XOGO DE CARTAS MÁIS CONTAXIOSO

No hospital **Nosa Señora de Tranjis**, saltan as alarmas cando os novatos do laboratorio decátanse demasiado tarde de que os recipientes de mostras non estaban baleiros como pensaban.

No seu interior conteñen principios de virus experimentais que agora andan sen control por todo o centro e só ti podes detelos.

A túa misión consiste no enfrontamento decisivo á pandemia e na competición por ser o primeiro en erradicar os virus logrando illar un corpo san para **evitar a propagación das terribles enfermidades**.

Éticos ou non, todos os medios ao teu alcance valen para gañar. O vencedor estará cheo de recoñecementos e os perdedores precipitados ás enfurecidas autoridades sanitarias.

Emprega a túa astucia para alzarte coa victoria boicoteando os esforzos dos teus rivais.



VIRUS! é un xogo para **2 a 6 xogadores**, no que terás que construír un corpo humano mentres evitas que os teus rivais infecten, destrúan e rouben os teus órganos.

CONTIDO

A caixa contén un mazo de **68 cartas** divididas nos seguintes tipos:

Órganos



Virus



Medicinas



Tratamentos



*Tamén se inclúen cartas en branco para que inventes as túas propias regras!

PREPARACIÓN

Baralla o mazo de cartas e reparte **3 cartas** a cada xogador. Coloca o mazo boca abaixo enriba da mesa ao alcance de todos os xogadores. Xunto a el, boca arriba, formarase o montón de descartes. Cando o mazo se esgote, sinxelamente voltea o montón de descartes. Non é necesario barallalo de novo.



OBXECTIVO DO XOGO

Sé o primeiro xogador en completar o teu corpo.

Se logras reunir enriba da mesa, en fronte a ti, **4 órganos diferentes sans**, gañarás a partida!

Consideramos como órganos sans aqueles que están libres de virus, vacinados ou inmunizados.

Máis adiante explicaremos como se emprega cada carta.

ÓRGANOS SANS

Órganos Libres	Órgano Vacinado	Órgano Inmunizado



MECÁNICA DO XOGO

Cada xogador debe ter sempre ao comezo da súa quenda 3 cartas na man e tan só poderá realizar unha acción por quenda. Despois de xogar, roubará cartas do mazo para volver a ter a súa man completa.

Xoga cos distintos tipos de carta, colocándoas enriba da mesa en fronte a ti para construír o teu corpo, ou enriba das cartas dos teus rivais para evitar que estes o logren antes ca ti.

Algunhas cartas poden obrigarte a descartar ou cambiar os teus órganos, as túas vacinas ou mesmo a túa man. Elabora a túa estratexia para ser o primeiro en formar o teu corpo completo.

Permanece atento ás xogadas dos demais, porque terás que evitar que o resto de xogadores rematen o seu corpo antes ca ti.



FASES DO XOGO

VIRUS! é un xogo dinámico: escolle entre **xogar unha carta ou descartalas**. Despois rouba tantas cartas como necesites antes de pasar a quenda ao seguinte xogador. Non podes pasar a túa quenda sen xogar.

FASE 1: Escolle unha destas dúas accións: **XOGAR** ou **DESCARTAR**

Xoga unha soa carta da túa man por quenda.

OU

Descarta tantas cartas como desexes.

FASE 2: ROUBAR

FASE 3: PASAR

Rouba tantas cartas como sexan necesarias para ter 3 na túa man.

Pasa a quenda ao xogador da túa dereita.

TIPOS DE CARTA



ÓRGANOS

Reúne **catro órganos sans de distinta cor** para gañar o xogo. Non podes ter no teu corpo dous órganos iguais en ningún momento.



Nota: O teu corpo poderá ter cinco órganos distintos se un deles é o multicolor, e podes gañar a partida se catro deles están sans.



VIRUS

Emprega as cartas de virus para destruír os órganos e medicinas dos teus rivais. Os virus só teñen efecto sobre órganos e medicinas da súa mesma cor.



INFECTAR

Coloca unha carta de virus enriba dun órgano libre da súa cor para infectalo. Os órganos infectados **non se consideran sans** e polo tanto, non poden axudarche a completar o teu corpo.



EXTIRPAR

Destruíe un órgano infectado. Coloca un segundo virus enriba dun órgano xa infectado: ese órgano é destruído e as tres cartas van parar ao montón de descartes.



NEUTRALIZAR

Destruíe unha vacina. Emprega un virus para eliminar unha medicina da súa mesma cor que se atope enriba dun órgano. Envía o virus e a medicina ao montón de descartes.



MEDICINAS

As cartas de medicina serven para protexer os teus órganos dos virus. Poden destruír cartas de virus ou protexer órganos para evitar que sexan infectados. Emprega as cartas de medicina só enriba das cartas (virus ou órganos) da súa mesma cor.



CURAR

Destruíe un virus. Emprega unha carta de medicina para descartar un virus da súa mesma cor que se atope enriba dun órgano. Envía ambas cartas ao montón de descartes.



VACINAR

Protexe un órgano. Coloca unha medicina enriba dun órgano libre da súa mesma cor. Agora, para poder infectalo, será necesario eliminar antes esta medicina.



INMUNIZAR

Coloca unha segunda medicina enriba dun órgano. Este queda **protexido para sempre** contra o ataque de calquera virus e non poderá ser destruído nin afectado por cartas de tratamento. Xira as dúas medicinas enriba do órgano para indicar que este é inmune.



TRATAMENTOS

As cartas de tratamento poden alterar o xogo para axudarche a gañar. Utilízalas no teu beneficio ou para evitar que os teus rivais completen o seu corpo antes ca ti. Estas cartas xóganse enriba do montón de descartes e teñen efecto inmediato.



TRANSPLANTE

Intercambia un órgano por outro entre dous xogadores calquera. Non importa se a cor destes órganos é diferente, nin se están sans, infectados ou vacunados. Sinxelamente o xogador cambia o órgano escollido por outro, a condición de que ningún dos dous xogadores teña dous órganos da mesma cor nin estes estén inmunizados.



LADRÓN DE ÓRGANOS

Rouba un órgano xogador e engádeo ao teu corpo. Podes roubar órganos sans, vacunados ou infectados, pero non inmunes. Recorda que non podes ter dous órganos da mesma cor.



CONTAXIO

Traslada tantos virus como poidas dos teus órganos infectados aos órganos dos demais xogadores. Non podes empregar o contaxio enriba de órganos vacunados ou infectados, só poderás contaxiar órganos libres.



GUANTE DE LÁTEX

Todos os xogadores, agás o que emprega o guante, **descartan a súa man.** Ao comezo da seguinte quenda, ao non ter cartas, estes xogadores tan só poderán roubar unha nova man, perdendo así unha quenda de xogo.



ERRO MÉDICO

Intercambia todo teu corpo o polo doutro xogador, incluíndo órganos, virus e vacinas. Non importa o número de cartas que cada un teña na mesa. Cando empregas esta carta, **os órganos inmunizados tamén son intercambiados.**

CARTAS MULTICOLOR

Hai tres tipos de cartas multicolor: órgano, virus e medicinas. Unha carta multicolor sempre mantén as 4 cores e non substitúe a ningunha outra. Isto fainas moi poderosas, xa que poden afectar a cartas de calquera cor, pero tamén moi fráxiles porque poden verse afectadas por calquera carta.



O **órgano multicolor** pode inmunizarse con dúas medicinas diferentes, aínda que tamén pode ser extirpado con dous virus distintos.



O **virus multicolor** pode afectar a calquera órgano ou medicina, pero tamén poden curarse cunha medicina de calquera cor.

As **medicinas multicolor** poden afectar a calquera virus ou órgano. Porén, poden ser destruídas cun virus de calquera cor.



CONSELLOS E TRUCOS

VIRUS! é un xogo áxil, canto máis rápido propagues as túas enfermidades máis divertidas serán as túas partidas.

Trata de inmunizar os teus órganos o antes posible para que os demais non poidan destruílos. Cantos máis órganos asegures, máis opcións terás de gañar.